



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1. Técnico en cultivos acuícolas.
 2. Técnico en electromecánica de maquinaria.
 3. Técnico en estética e beleza.
 4. Técnico en instalación de amoblamento.
 5. Técnico superior en centrais eléctricas.
 6. Técnico superior en educación e control ambiental.
 7. Técnico superior en enerxías renovables.
 8. Técnico superior en estética integral e benestar.
 9. Técnico superior en paisaxismo e medio rural.
 10. Técnico superior en proxectos de obra civil.
 11. Técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
-

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de febreiro de 2012, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de once novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. O Consello Escolar de Galicia propón que se inclúa no anexo VI de todos os currículos o nome de cada ciclo formativo.
4. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.



5. O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
6. Tamén recomenda á Administración educativa que declare a superficie como mínima nos espazos e aularios, así como nos obradoiros.
7. Así mesmo, recomenda e solicita á Administración educativa que implante no prazo máis breve posible o curso ponte para pasar do ciclo medio ao ciclo superior de formación profesional.
8. Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue: **"Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico"**.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.
O Vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés

